

**DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA. IES TERRA DE TRASANCOS**

Materia	Ambito científico-Tecnolóxico 3º ESO
Profesor	Yolanda Romalde Lorenzo

**CONTIDOS AMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO DE 3º ESO (diversificación)**

1ª Avaluación	Unidade 1: Números reais Unidade 2: Organización da vida, estatística e probabilidade Unidade 3: Ecuacións, sucesións e informática básica Unidade 4: Nutrición e alimentación
2ª Avaluación	Unidade 5: Percepción, comunicación e movemento Unidade 6: Reproducción, inmunidade e saúde Unidade 7: Corpos xeométricos
3ª Avaluación	Unidade 8: Transformacións xeométrica se debuxo técnico Unidade 9: Enerxía e materiais Unidade 10: Materia, electricidade e funcións matemáticas

**INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN****Instrumentos:**

Actitude	20%	
Conceptos e Procedementos	80%	Probas escritas Traballos/expresión escrita Controis/Cuestións Laboratorio

**AVALIACIÓN DE CONTIDOS CONCEPTUAIS E PROCEDIMENTAIS****Criterios:**

Nos primeiros días do curso realizarase aos alumnos unha proba escrita para a avaliación inicial. Esta proba non será utilizada para a cualificación do alumno senon para poder averiguar os coñecementos previos e as súas destrezas e realizar así unha maior atención á diversidade.

Para avaliar os contidos conceptuais-procedimentais en cada avaliación realizarase, como mínimo, dous exames escritos. Se a cualificación dalgunha das probas fose igual ou inferior a 3, teríase que repetir. A cualificación da avaliación será a media aritmética de todas as probas realizadas.

Se un alumno non supera unha avaliación durante o curso, disporá dunha proba de recuperación, que normalmente se realizará na primeira semana de clase do seguinte trimestre.

Cada exame conterá exercicios con cuestións sobre contidos mínimos e outros de maior dificultade co detalle da súa valoración.

A nota final de curso será a media aritmética das tres avaliacións sendo necesario que as notas non sexan inferiores a tres puntos.

Para aprobar a materia a cualificación final deberá ser superior ou igual a 5.

**Abandono da materia:** advertirase, en cada avaliación, a aqueles alumnos/as que, a xuízo do profesor, abandonen a materia ( faltas de asistencia, exames nulos, actitude negativa ou pasiva na clase, falta de traballo persoal,...). O abandono da materia poderá supor a perda do dereito á avaliación continua e na proba final o alumno/a deberá aproba-la materia por avaliacións.

Os contidos conceptuais-procedimentais representan o 80% da cualificación.

Valorarase:

- A busca de información, a elaboración de informes, o traballo en grupo, o deseño e realización de prácticas, probas escritas, preguntas orais, etc. Nas que se terá en conta a coherencia no que expoñen ou argumentan, a información que teñen, a orde de intervención nos debates, a súa precisión nos traballos de campo ou laboratorio, a correcta utilización dos aparellos, etc.
- Comprensión e desenvolvemento de actividades.
- Adquisición do vocabulario específica da materia tratada.
- Uso e comprensión da fontes de información (libros, revistas, artigos de divulgación...etc).
- Expresión correcta na linguaxe escrita e oral.
- Coherencia e corrección nas respostas ás cuestións formuladas.
- Caderno de clase.

Os contidos actitudinais que representarán un 20% da cualificación.

Valorarase:

- Asistencia, atención e participación na clase.
- Actitudes no laboratorio e nas actividades extraescolares.
- A presentación (limpeza, organización, expresión, cadros, esquemas, etc).
- Actitude positiva e interese polo traballo diario na clase.
- Desenvolvemento de actividades.
- Coidado e respecto polo material didáctico e do laboratorio.
- Interese na realización das prácticas de laboratorio.
- Respetto polos compañeiros.

#### **Proba de setembro:**

A proba versará sobre todos os contidos impartidos ó longo do curso.

Unha cualificación positiva nesta proba requirirá un coñecemento global da materia así como a demostración de que acadaron os contidos mínimos esixidos para este curso, valorándose a coherencia, corrección, e o uso do vocabulario específico da materia na elaboración das respostas.

Libro de texto: Diversificación I ámbito científico-tecnolóxico.

Editex